

**TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS**

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

**Historia da arte e os bens culturais II**

Departamento: Historia, valoración e clasificación dos bens culturais

Formación básica

Curso: 2º

Anual

7 ECTS

Teórica

Profesoras: Emma Pérez Teijeiro / Araceli Torres Fernández

[epteijeiro@edu.xunta.gal](mailto:epteijeiro@edu.xunta.gal) / [aracelitortes@edu.xunta.gal](mailto:aracelitortes@edu.xunta.gal)

Horario: 3 horas semanais

**DESCRIPCIÓN DA MATERIA**

Estudo dos bens culturais que conforman o patrimonio histórico, artístico e cultural, desde o punto de vista das súas características formais, tecnolóxicas, estéticas e funcionais. Iniciación ao coñecemento dos seus repertorios.

**COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

**COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN**

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X11	Adquirir a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.

**COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA**

Coñecer as principais manifestacións da arte e da cultura material dos distintos pobos, culturas ou civilizacións occidentais, dende finais da Idade Media ata a actualidade.

Acadar a capacidade de identificar e analizar as características básicas das obras estudadas e clasificalas no seu contexto histórico, estilístico e tipolóxico.

Coñecer as distintas linguaxes, técnicas e procedementos da produción artística e material dende finais da Idade Media ata a actualidade. Adquirir a terminoloxía axeitada correspondente.

Acadar unha comprensión crítica da evolución dos valores históricos, estéticos e antropolóxicos en relación coa cultura material e a arte.

Acadar a capacidade de observar a evolución do patrimonio cultural material da época estudada en relación a súa conservación.

### UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidade	Subtemas	% da materia	Temporalización. Horas de aula e estudo autónomo
1. Introducción xeográfica, cronolóxica e nocións básicas.	1.1. Conceptos arquitectónicos, escultóricos e pictóricos. 1.2. Introducción ao comentario artístico da Idade Moderna. 1.3. Introducción ós bens culturais e ós movementos artísticos da Idade. 1.4. Recapitulación: o mundo baixomedieval e a arte gótica.	8 %	10
2. Arte e bens culturais da idade moderna.	2.1. O Renacemento 2.2. O Manierismo 2.3. O Barroco 2.4. O Rococó	42 %	44 + 13,5 de aprendizaxe autónomo
3. Introducción xeográfica, cronolóxica e nocións básicas da época contemporánea	3.1. Introducción á estética. 3.2. Introducción ós bens culturais e ós movementos artísticos da Idade Contemporánea. 3.3. Introducción ao comentario artístico do séculos XIX e XX	8 %	10
4. Arte e bens culturais da idade contemporánea.	3.1. Do Neoclasicismo ao Posimpresionismo. 3.2. A historia da arte no século XX: Vangardas e novos comportamentos.	42 %	44 + 13,5 de aprendizaxe autónomo

**PLANIFICACIÓN DOCENTE**

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introdutorias	6		6
Sesións expositivo-participativas	88		88
Traballo tutelado/Exposicións	4	30	34
Estudos de caso, debates e outras actividades	10	10	20
Aprendizaxe autónomo		27	27
<b>Total</b>	<b>108</b>	<b>67</b>	<b>175</b>

**METODOLOXÍA DOCENTE**

Metodoloxía	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e os temas. Toma de contacto do alumnado.
Sesións expositivo-participativas	Exposición das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as exposicións e presentacións orais da docente xunto a outras ferramentas como literatura científica e cuestións do alumnado.
Traballos tutelados	<p>Realización de lecturas e traballos sobre patrimonio cultural-artístico:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>. No <b>primeiro cuadrimestre</b> realizaranse traballos cooperativos sobre distintos estilos artísticos (séculos XV – XVIII) a determinar pola docente. O alumnado de maneira individual, fará o estudo de un autor asociado aos movementos ou estilos do punto anterior. O autor será escollido polo alumnado de unha listaxe previa facilitada pola docente, con orientación proporcionada pola mesma. Será obrigatoria a entrega documental (texto e presentación) á docente e ao resto do alumnado. A exposición oral na aula queda por determinar segundo a decisión da docente.</li> <li>. No <b>segundo cuadrimestre</b>, o alumnado de maneira individual, realizará varios traballos sobre movementos artísticos do século XIX e XX. Estes partirán dunha lectura previa con posterior estudo e desenvolvemento escrito. Será obrigatoria a presentación documental á docente. A exposición oral na aula queda por determinar segundo a decisión da docente.</li> <li>. Lectura, recensión escrita e comentario oral dun libro previamente seleccionado. Será obrigatoria a exposición oral.</li> <li>. Análise de obras escollidas pola docente, con orientación e ferramentas proporcionadas pola mesma. Será obrigatoria a exposición oral e /ou a entrega documental con asociación gráfica.</li> </ul> <p>A tutela dos traballos será presencial na aula e, de ser necesario, nas titorías docentes.</p>

	<p>As presentacións ou comentarios orais dos traballos tutelados faranse de maneira presencial na aula, podéndose usar unha presentación como recurso de apoio.</p> <p>A entrega documental dos traballos ou actividades faranse en formato papel ou por medio da plataforma Moodle, a determinar pola docente.</p>
Debates, estudos de casos e outras actividades	<p>Charlas abertas, resumos e comentario crítico (oral ou escrito) a partir da lectura de artigos ou textos de libros relacionados e apuntamentos; exercicios de comentario e reflexión, de forma individual ou cooperativa, a determinar pola docente.</p> <p>Outras actividades como visitas externas e traballos asociados a elas.</p> <p>As actividades orais realizaranse na aula. As actividades escritas serán entregadas en formato papel na aula ou .pdf a través da plataforma Moodle, a determinar pola docente.</p>

<b>SISTEMAS DE AVALIACIÓN</b>		
<b>Método</b>	<b>Criterios</b>	<b>% avaliación</b>
Probas escritas	<p>Cualificación das probas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicación dos coñecementos adquiridos.</li> <li>• Rigor técnico e grao de aplicación de conceptos teóricos.</li> <li>• Corrección no desenvolvemento do exercicio.</li> <li>• Sintaxe e ortografía.</li> <li>• Presentación do exercicio.</li> </ul> <p>As probas deben axustarse ao tempo establecido para a súa realización.</p>	50 %
Traballos tutelados e outras actividades orais e escritas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Calidade do traballo, da presentación oral e/ou escrita (comentarios, reflexións, etc.): rigor técnico; grao de aplicación dos conceptos teóricos e outros coñecementos adquiridos.</li> <li>• Capacidade de reflexión e síntese para establecer conclusións.</li> <li>• Claridade e eficacia na expresión e forma. Capacidade de estruturación.</li> <li>• Sintaxe e ortografía nos traballos escritos.</li> <li>• Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos.</li> <li>• Colaboración, participación e interese.</li> <li>• Puntualidade na entrega.</li> </ul>	40 %
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asistencia e puntualidade (tanto na entrada como na saída).</li> <li>• Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos.</li> <li>• Responsabilidade no traballo.</li> <li>• Calidade nos comentarios, traballos e probas.</li> <li>• Capacidade de organización.</li> <li>• Colaboración, participación e interese.</li> </ul>	10 %

## OUTROS COMENTARIOS SOBRE A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A asistencia as aulas é obrigatoria e avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe.

Aqueles alumnos que non asistan as aulas serán cualificados na avaliación ordinaria por medio dunha proba escrita específica que será realizada no horario e día establecidos para esta materia na convocatoria ordinaria. A nota da materia será o resultado alcanzado en dita proba. En calquera caso deberán presentar os traballos individuais propostos ó longo do curso, con data e hora límite: unha semana antes a hora de inicio do exame da convocatoria ordinaria.

Aqueles que asistan ás aulas parcialmente, perderán unha parte do valor total da avaliación, ate un 10%, correspondendo á observación sistemática (falta de asistencia ás clases teóricas ou con outros elementos); ademais a puntuación das actividades non realizadas no día será de cero.

Os traballos tutelados que carezan de calidade (aplicación dos coñecementos adquiridos, rigor técnico,...) e/ou presenten erros de sintaxe e ortografía serán cualificados negativamente.

As actividades orais e escritas, como a presentación dos traballos tutelados, no caso de non realizarse ou de non ser presentadas na aula non serán cualificados. Igualmente non serán cualificados os traballos finais, colectivos ou individuais, se non se facilitan ao resto da aula.

A avaliación ordinaria con valoración do progreso do proceso de aprendizaxe poderá incluír a realización de probas específicas, ademais das probas e procedementos recollidos (descritos nos sistemas de avaliación).

O valor mínimo alcanzado na proba/s escrita/s para facer media co resto de métodos de sistema de avaliación será de 4,5. De non chegar a esta nota, reflectirase na avaliación a nota media alcanzada nas probas escritas.

A proba escrita da avaliación extraordinaria constará de dúas partes, correspondentes aos dous cuatrimestres.

No caso de perda de avaliación con valoración do progreso do proceso de aprendizaxe na convocatoria ordinaria por causas xustificadas, o departamento poderá establecer, unha vez estudado o caso, a posibilidade de probas ou traballos alternativos.

Os alumnos que non superaran a convocatoria ordinaria terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.

De cara á avaliación extraordinaria proxectaranse nas titorías didácticas, ou previamente na aula, os procedementos de recuperación previos, alternativos ou complementarios á proba escrita desta convocatoria.

### ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías serán presenciais, no horario establecido para a titoría, no despacho do profesor ou na aula, con previo acordo para establecer unha hora aproximada de atención e non xerar acumulo e minimizar o tempo de espera.

### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

#### BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- ARGAN, G. C. *Renacimiento y barroco. I. De Giotto a Leonardo Da Vinci*. Vol. I Madrid: Akal., 1996.
- ARGAN, G. C. *Renacimiento y barroco. II. De Miguel Ángel a Tiepólo*. Vol. II. Madrid: Akal, 1999.
- AZCÁRATE RISTORI, J. M.; PÉREZ SÁNCHEZ, A. E. e RAMÍREZ, J. A. *Historia del arte*. Barcelona: Anaya, 1995.
- LCIE-SMITH, E. *Artes visuales en el siglo XX*. Colonia: Könemann, 2000.
- GUASCH, A.M. *El arte último del siglo XX. Del posminimalismo a lo multicultural*. Madrid: Alianza Forma, 2000.
- RAMÍREZ, J. A. (dir.). *Historia del arte, 3. La edad moderna*. Madrid: Alianza, 1996.



- RAMÍREZ, J. A. (dir.). *Historia del arte, 4. El mundo contemporáneo*. Madrid: Alianza, 1996.
- ARNHEIM, Rudolf *Arte y percepción visual*. Alianza forma, Madrid 1979.
- VV.AA.: *Aprender e Investigar en Pintura 1*. Ed La Puerta del Libro, Barcelona, 2017.  
<https://digibug.ugr.es/bitstream/handle/10481/44929/Aprender%20e%20investigar%20en%20Pintura%201.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

#### BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

- CHECA, F. *Pintura y escultura del renacimiento en España. 1450 | 1600*. Madrid: Cátedra, 1999.
- GOMBRICH, E. H. *Arte e Ilusión. Estudio sobre la psicología de la representación pictórica*. Madrid: Debate, 2002.
- GOMBRICH, E. H. *La historia del arte*. London: Phaidon Press Ltd. 2008.
- HONOUR, H. e FLEMING, J. *Historia mundial del arte*. Madrid: Akal, 2004.
- MARCHÁN FIZ, S. *Del arte objetual al arte de concepto. Epílogo sobre la sensibilidad "postmoderna"*. Madrid: Akal, 2001.
- PÉREZ SÁNCHEZ A. E. *Pintura barroca en España. 1600 | 1750*. Madrid: Cátedra, 1996.
- REYERO, C. e FREIXA, M. *Pintura y escultura en España. 1800-1910*. Madrid: Cátedra, 1999.
- DE QUINCEY, T. *Del asesinato considerado como una de las bellas artes*. Madrid: Alianza editorial, 1985.
- LORD, J. *Retrato de Giacometti*. La balsa de la Medusa. Madrid: Antonio Machado Libros, 2005.

#### OBSERVACIONES

- Non se permite o uso ou funcionamento de teléfonos móbiles nin ningún outro dispositivo (TIC,s) con capacidade de copia ou gravación, salvo consentimento expreso da docente.
- Non está permitida a gravación de imaxes nin son. (Véxase: a *Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*, o *Reglamento General de Protección de Datos* e as instrucións para o alumnado establecidas pola Dirección deste Centro).
- Na plataforma didáctica Moodle poderán consultarse materiais didácticos e documentación como: artigos de crítica e científicos e as bases dos traballos de elaboración obrigatoria. A mesma plataforma será a empregada para a entrega dos traballos e a elaboración de probas, quedando estas a discreción da docente.
- A biblioteca da Escola conta con material bibliográfico específico sobre os contidos da materia.